

Bs. Mios 20 de Maio 1958 (junio 5) -

L. & Xavier Abujar

35 Mr Toche

Paris VI



Consello de Galiza
Presidencia

Estimado irmán e amigo:

Onto recibimos a súa carta, na que nos fala do acordo dos grupos de ahí encol da non aceptación das Emendadas. A noticia é pra nós desaxrada, Bel, pero non moi "sorpresiva". É o de sempre! Despois de lida, acadamos celebrar dentro d-unhos dias, despois de ter concurrido cos de Montevideo, unha reunión especial pra acordar cal ha de ser a nosa actitude. Aquí, no seo da colectividade republicana peninsular, temos gran forza. Mellor dito somos a, máis poderosa forza. É, fará mala valer delidamente. Pol-o de pronto estamos moi contentos de que as institucións representativas - gobernos - non compartan a actitude "separadora". ¿ou separatista?

... Parecemos moi ben - e teño o encargo de felicital-o efusivamente - a súa reacción. Teño a seguridade, tanto vostede como seu pai, que contará coa nosa máis fervorosa adhesión e apoio a súa posición. Despois que nos reunamos e recibamos a información de seu pai, volverille a escribir ampliamente.

Mentras tanto quero facerlle notar que acerta vostede de deder nos súa suposición das causas que moven a posición socialista. Daí fai tempo

se falou de formar un Partido Socialista Galego. Tomáranos Juan Jesús González, canteiro, mestre de escola e abogado con apo de socialistas ilustres, coma o doctor Quintanilla de Ferrol. Os dous foron fusilados. Pero chegarase a eso tarde ou cedo, cando Galicia afirme a súa personalidade política. Nós coñecemos as causas da posición dos bases. Eles, por mandarse, necesitan de Prieto que ten moita forza en Bilbao. E Prieto é noso enemigo acerrado. O propio Aguirre despois de animar a Castela a fundar o Consello de Galicia, e de telo recoñecido, variou de atitude por existencia de Prieto. E, como ve, unha longa historia que xa lle contarei.

En troques eístramounos a atitude de Izquierda P. coa que o Partido Galeguista, do que as Exmandadas son Continuidade, tivis desde Agosto do 1934 un pacto de alianza que sempre respectamos. E tamén a posición da C. Iv. F. por que dibuxou Castela o seu album "Atala en Galicia", e da que eu fun abogado na Causa, e, en plena guerra civil, en Aragón, sacando das cárcelas de hister 1.400 afiliados, cando n-elo me iba a cabeza. Mais en fin ca veremos. A cousa non ha de quedar así. Pol-o de pronto repítolle as nosas felicitacións pol-a súa reacción, magnificamente Galega. Entendido do que me di dos "enlaces". Por conexo ordinario recibirá os libros, prome tidos. E nada máis por oxe. Saudos a seu pai e para vostede unha aperta de

Ramón Suárez Picalloz